

## Eugénio Outeiro, escritor: "Desde que empecei a escribir, tiña a idea de facer algo que homenaxease a Illa de Arousa"

O escritor Eugénio Outeiro (A Illa de Arousa, 1976) presenta *Réquiem* (Xerais), libro de poemas estruturado en forma de misa que homenaxea as asasinadas pola barbarie fascista na Illa de Arousa.

María Amigo

09/03/2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/eugenio-outeiro/20260309220235249742.html>

### —Antes de escribir o libro, que papel ocupaba esta historia de represión na súa memoria persoal?

Son historias que escoitei durante toda a vida, desde pequeno na casa, contábaas meu pai. Dalgunha maneira fun crecendo con elas como se fosen algo normal, aínda que eran terribéis, pero como moitas outras cousas da infancia víaaas como algo cotiá, non lles daba importancia. Meu pai decidiu recoller estas historias nun libro, chámase *Papel de Estraza* (Fernando Salgado e Juan Otero). Cando lin o libro foi cando tomei conciencia da dimensión de todos os feitos do 36. Ao ser unha historia xa coñecida, chegoume máis fondamente. Ademais esta era unha historia de familia até certo punto, aínda que ningún dos mortos era familiar directo meu, a miña familia si que estivo alí.

### —Como a contorna da Illa influíu no seu proceso creativo e na escrita?

Eu son da Illa de Arousa, aínda que vivo fóra, pero penso que todos os que nacemos nunha illa temos unha relación especial con ese territorio. Desde sempre, desde que empecei a escribir, tiña a idea de que quería facer algo para homenaxear a Illa, pero non atopaba a escusa, e isto deuma. A paisaxe aparece citada en moitos versos, sobre todo a paisaxe marítima, o mar é a metáfora máis importante do libro.

Son budista e na tradición budista, concretamente na Mahāyāna, a metáfora do mar serve para explicar o que é a conciencia fundamental, a Alaya. Esta sería a conciencia depósito onde se gardan as mentes de Karma e da cal sae todo o que existe. Buda viaxa da India a Sri Lanka, que precisamente é unha illa. A metáfora que configura a historia é a do mar, entendendo o mar como algo en si mesmo, como a conciencia fundamental da que saen ondas.

Esta idea está implícita en todo o meu libro, eu mesmo sentínme como unha onda dese mar de conciencia e desa historia. O que quixen foi esculpir unha onda e que esa memoria fose vista.

**—Como foi o proceso que realizou para a recuperación desta historia?**

Persoalmente foi un exercicio de memoria en moitos sentidos. Cando escribín o poemario eu non estaba na Illa de Arousa, para empezar foi un proceso de recordar o territorio, por outro lado, foi un esforzo de recuperación da memoria colectiva da illa.

**—Porque escolleu o formato do Réquiem?**

Veume un pouco dado, estaba pensando en escribir algo para a Illa, o libro de meu pai foi a excusa perfecta, pero faltábame algo que lle dese forma. Nunha conversa informal un amigo recomendoume *Réquiem*, de Anna Akhmátova, que tamén trata a represión, pero a stalinista. A obra pareceume espectacular e deume a idea definitiva: tiña que facer un réquiem para os mortos.

A partir de aí comecei a investigar o concepto de *Réquiem* e o de Mozart alucinoume tanto que pensei que era imposible intentar equiparalo, até que me dei de conta de que a chave era a polifonía. A partir de aí desenvolvín a idea de crear varias voces, as dos mortos e as dos vivos.

**—Que resposta está a recibir da veciñanza da Illa a esta obra?**

Polo de agora cativa porque leva pouco tempo nas librarías, a xente aínda non coñece esta obra. Pero teño a intención de presentar o libro na Illa proximamente.